

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E CRUZ VERMELLA PARA DAR ASISTENCIA A SITUACIÓNS DE POTENCIAL EMERXENCIA EN PUNTOS DO CAMIÑO FRANCÉS.

En Santiago de Compostela, data da sinatura dixital

Reunidos

Dunha parte, D. José Manuel Merelles Remy, director da Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do nomeamento efectuado polo Decreto 75/2024, do 22 de abril (DOG núm. 81, do 24 de abril), e conforme ás facultades que lle confire o apartado dous da disposición adicional segunda do Decreto 135/2024, do 20 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia (DOG núm. 101, do 27 de maio), que desconcentra na persoa titular da Dirección da Axencia a competencia para subscribir convenios de colaboración no seu respectivo ámbito competencial, de acordo co previsto no artigo 15.2.c) dos estatutos da Axencia de Turismo de Galicia, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro (DOG núm. 193, do 9 de outubro).

E doutra parte D^a. Mercedes Casanova Díaz, en representación de Cruz Vermella, con CIF Q2866001G en condición de Presidenta Autonómica de Cruz Vermella segundo acta de nomeamento de 22 de abril de 2023.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas

Expoñen

Primeiro.- Que a Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 196/2012, do 27 de setembro, é a entidade pública instrumental do sector público autonómico de Galicia á que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e

innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago.

Segundo.- Que o notable incremento do número da afluencia de peregrinos, non só dos peregrinos que acoden a pé a Santiago de Compostela a través das diferentes rutas xacobeas, senón por outros medios de transporte, esixe unhas novas e máis amplas medidas de regulación e seguridade no Camiño de Santiago co consecuente aumento dos medios humanos e materiais para este fin.

Dado que o Camiño de Santiago constitúe na actualidade unha marca que identifica a Galicia e España no mundo, a regulación destes fluxos é un reto importante para todos os departamentos e órganos da Xunta de Galicia.

Neste sentido, é necesario articular medidas que reforcen as medidas de seguridade no Camiño de Santiago.

Terceiro.- Cruz Vermella, fundada o 6 de xullo de 1864 de acordo coa Conferencia Internacional de 26 de outubro de 1863, é unha Institución humanitaria de carácter voluntario e de interese público que desenrola a súa actividade baixo a protección do Estado a través do Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 axustándose ao previsto nos convenios internacionais sobre a materia nos que España sexa parte.

Cruz Vermella, deseñou un modelo de cobertura dinámica adaptado ás características singulares do tipo de actividade. Como proxecto piloto no ano 2021 centraron os esforzos no tramo por excelencia nos últimos anos, como é o Camiño Francés, en concreto as etapas dende Sarria ata o Monte Do Gozo, sendo posible estender este modelo a máis etapas de este ou outros camiños que se estime necesario. Tratouse dun modelo modulable tanto en número de etapas como postos de atención segundo as necesidades nos anos 2022, 2023 e 2024, onde se consolidou o modelo, corroborando a boa aceptación por parte dos participantes do Camiño de Santiago.

O dispositivo está baseado fundamentalmente na cobertura por equipos móbiles de socorristas, que realizarán as etapas en bicicletas eléctricas en horario de 09:00 a 14:00 aprox., prestando acompañamento, asistencia e asesoramento aos peregrinos. A actividade levarase a cabo de luns a venres, dende ó 7 de xullo ata o 7 de setembro ambos inclusive. Si se considera oportuno, poderase establecer en calquera punto do Camiño unha unidade de atención temporal ós peregrinos, sexa de carácter sanitario ou informativo. O dispositivo poderá contar, ademais do persoal mínimo sinalado no Convenio, unha ampliación de servizos prestada por voluntariado da Cruz Vermella, nacional e internacional, de xeito que tamén contribúa á difusión e coñecemento do Camiño de Santiago.

Cuarto.- As patrullas que realizarán o camiño en bicicletas eléctricas, contarán cunha formación previa en primeiros auxilios, desfibrilación semiautomática, xeolocalización, medioambiente e igualdade de xénero. Estes equipos estarán dotados dun botiquín de primeiros auxilios, un DESA e un xeolocalizador, para dar a mellor resposta posible os peregrinos en función da situación que se atopen o longo do Camiño.

Por último, forma parte do dispositivo un vehículo de apoio, equipado con material específico para dar resposta a aquelas situacións que superen o nivel de asistencia das patrullas móbiles. Este vehículo estará itinerante entre as etapas nun horario máis flexible.

Durante o funcionamento do operativo entre o 7 de xullo e o 7 de setembro, Cruz Vermella cubrirá por completo os percorridos do Camiño Francés entre Sarria e a cidade de Santiago. A chegada ao final da etapa está estimada entre as 13:30 e 14:00. Os equipos móbiles estarán a disposición dos peregrinos para calquera cuestión que precisen.

Quinto.- Formarán parte oito persoas contratadas directamente desde Cruz Vermella, sete delas serán os socorristas que realizarán as etapas por parellas. A súa rotación será unicamente entre dúas das tres etapas de maneira que se especializarán nas mesmas adquirindo un coñecemento minucioso de ditas etapas o que redundará nunha mellor información aos peregrinos.

Ademais unha persoa coordinadora encargarse de supervisar o dispositivo e con mobilidade para apoiar en algún punto o día concreto si a actividade o require.

Sexto.- A Axencia de Turismo de Galicia, dentro das súas competencias, está interesada no apoio ao Camiño de Santiago e na divulgación da seguridade vinculado ao mesmo, de xeito que se contribúa á promoción do Camiño de Santiago, así como a promoción e difusión dos valores universais que lle son propios.

Sétimo.- Que o presente convenio de colaboración implica a concesión dunha subvención directa ao abeiro do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non sendo posible promover unha convocatoria pública, dada a especialidade do seu obxecto, xa que Cruz Vermella é o único que pode realizar as actuacións obxecto deste convenio de colaboración, aos efectos establecidos nos artigos 19.4.c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40.1a) do Regulamento da dita lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Tendo en conta o anterior e con base no principio de unidade de acción que debe presidir a actuación dos órganos administrativos da Xunta de Galicia, conscientes da importancia de posibilitar que no Camiño de Santiago se implanten condicións de seguridade para os visitantes e peregrinos que mellore a imaxe de Galicia ante todos os seus visitantes, as partes manifestan a súa vontade de colaboración no desenvolvemento deste proxecto e están interesadas en establecer o presente acordo de colaboración con suxeición ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto deste convenio é o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e Cruz Vermella para dar asistencia a situacións de potencial emerxencia en puntos do Camiño Francés do 7 de xullo ata o 7 de setembro de 2025.

SEGUNDA.- ORZAMENTO E FINANCIAMENTO

O orzamento estimado para a execución das accións ascende na súa totalidade a 55.000 euros, que se distribúen do seguinte xeito:

Gastos de persoal (Retribucións e Seg. Social a cargo da empresa, dietas e indemnizacións e outros gastos de persoal	45.000,00 €
Gastos de actividade específicos do programa	8.000,00 €
Gastos de xestión	2.000,00 €
TOTAL ORZAMENTO	55.000,00 €

Deste orzamento, a Axencia de Turismo de Galicia financiará as actuacións que se relacionan no cadro anterior con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.781.0, proxecto 2015 00005 cunha achega de 55.000 € dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025.

Esta achega canalízase a través dunha subvención concedida polo procedemento de concesión directa de acordo co establecido nos artigos 19.4.c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e 36.c) e 40 do seu Regulamento.

En todo caso, os gastos de persoal aos que se refire o orzamento estimado serán exclusivamente os do persoal propio, ou contratado ao efecto, adicado especificamente á execución da actividade subvencionada, sen que en ningún caso se financie o gasto do persoal adicado ó funcionamento ordinario da Organización.

A Axencia de Turismo de Galicia procederá ao pagamento das subvencións a favor da entidade, unha vez que esta entidade presente a documentación xustificativa establecida na cláusula sétima e se comprobe a axeitada xustificación.

TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES

De acordo co previsto no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, consideraranse subvencionables os gastos que, sen admitir dúbida, respondan á natureza da actividade subvencionada de acordo coa previsión de orzamento recollida na cláusula segunda e que se realicen a partir do **1 de xaneiro de 2025**. En ningún caso o custe de adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

Os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica ou financeira, os gastos notariais e rexistrais e os gastos periciais para a realización do proxecto subvencionado recollidos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non serán subvencionables.

CUARTA.- COMPROMISOS DAS PARTES

1. A Cruz Vermella, como entidade beneficiaria da subvención, obrígase a:

- Levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio, así como executar o orzamento previsto na cláusula segunda.
- Incluír en toda a documentación e soportes específicos para o evento que se trata dunha actuación con financiamento da **Xunta de Galicia** a través da Axencia de Turismo de Galicia e incluír a **marca turística de Galicia**, de acordo co Decreto 121/2011, do 16 de xuño, polo que se aproba a marca turística de Galicia e se regula a súa utilización (DOG núm. 125, do 30 de xuño).
- Achegar a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de control do destino do investimento.
- Comunicar á Axencia de Turismo de Galicia a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada procedentes de calquera administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dos fondos recibidos.
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, certificacións de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10 e 13 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

- Subministrar á Axencia de Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento pola Axencia de Turismo de Galicia, das obrigas previstas no Título I da citada lei.
- As restantes obrigas establecidas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia.

2. A Axencia de Turismo de Galicia obrígase a realizar unha achega de 55.000 € como concesión directa dunha subvención a Cruz Vermella para a realización das actuacións previstas neste convenio de colaboración.

QUINTA.- COMPATIBILIDADE

De acordo co disposto no artigo 40.1 d) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a achega económica prevista neste convenio será compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

En ningún caso o importe das subvencións as que se refire o parágrafo anterior poderá superar, no seu conxunto, o custe da actividade subvencionada, ao abeiro do disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

SEXTA.- INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas ou profesionais que desenvolvan as actuacións subvencionadas que constitúen o obxecto do mesmo, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha directa nin subsidiaria á Axencia de Turismo de Galicia. A Cruz Vermella, será o único responsable dos custos salariais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN DO CONVENIO E PAGAMENTO

A xustificación da subvención efectuarase segundo a modalidade de conta xustificativa, de acordo co previsto nos artigos 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e

o artigo 48 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que conterá a seguinte documentación:

- Unha memoria explicativa da actividade realizada que acredite o cumprimento do obxecto do convenio.
- Facturas xustificativas dos gastos efectuados xunto coas transferencias bancarias ou outra documentación acreditativa do seu pagamento (nóminas, abonos a Seguridade Social, etc.). No caso de tratarse de gastos inferiores a 1.000 € poderá xustificarse o pagamento mediante recibo do proveedor.
- Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais e de non ter débedas pendentes por ningún concepto coa Xunta de Galicia.
- De ser o caso, os tres orzamentos que se requiren en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
- No seu caso, carta de pago de reintegro no suposto de remanentes non aplicados así como dos intereses derivados destes.
- Así mesmo, deberá remitirse o detalle da documentación e soportes publicitarios nos que consten a colaboración da Xunta de Galicia a través da Axencia de Turismo de Galicia e a "Marca Turística de Galicia".

A data límite para presentar a documentación xustificativa da subvención e realizar a execución do obxecto do convenio será dende a formalización do convenio ata o **15 de novembro de 2025**.

Non se entenderá incumprida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula segunda, cando obedezan a razóns xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

Con anterioridade á xustificación das actuacións, Cruz Vermella, presentará unha declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para un mesmo proxecto das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a Axencia, reducirase na mesma proporción que represente a cantidade xustificada respecto do orzamento total previsto na cláusula segunda.

Cando as actuacións obxecto do convenio fosen financiadas, ademais de coa subvención, con fondos propios ou doutras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas, de conformidade co establecido no artigo 28.6 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas, a Cruz Vermella deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do referido prazo de xustificación. Exceptúanse aqueles gastos cuxos pagamentos deban efectuarse nun momento posterior por axustarse aos calendarios de recadación, como os ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación. O importe destes ingresos ou cotas considerarase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe de retención ou cotizacións devengadas na data de xustificación. Cruz Vermella quedará obrigada a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao remate dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso no período voluntario

A Axencia de Turismo de Galicia reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación do obxecto do presente convenio.

OITAVA.- PAGOS ANTICIPADOS E PAGOS A CONTA

Poderanse realizar pagamentos anticipados, ao amparo do disposto no artigo 63.1.Dous do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actuacións obxecto deste convenio, de ata o 50% da subvención concedida e sen que se

supere a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario. A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada.

Coa solicitude de anticipo a entidade beneficiaria terá que presentar certificacións de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, e de non ter pendentes de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Así mesmo, debe xuntarse declaración responsable da obtención ou non doutras subvencións, axudas, ingresos ou recurso que financien as actividades subvencionadas.

De conformidade co disposto no citado artigo 65 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, a Asociación deberá constituír garantía correspondente aos pagamentos anticipados, cando a súa contía acumulada supere os 18.000€. A garantía deberá cubrir o 110% das cantidades anticipadas, ao abeiro do disposto no artigo 67 do citado Regulamento.

Así mesmo poderanse realizar pagamentos á conta conforme ao artigo 62 do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para proceder ao seu pagamento, a Cruz Vermella deberá enviar a documentación xustificativa relacionada na cláusula oitava.

A suma dos pagamentos anticipados e a conta non será superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagos xustificados, de conformidade co disposto no citado artigo 62.

NOVENA.- REINTEGRO DA SUBVENCIÓN

Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

No caso de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas a Cruz Vermella deberá reintegrar o exceso xunto cos xuros de demora, nos termos que establece o artigo 23 do citado Regulamento.

DÉCIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento do convenio e da súa execución, así como propoñer solucións das posibles controversias que xurdan da citada execución, créase unha Comisión de Seguimento. Esta comisión estará integrada por un representante designado pola Cruz Vermella e un representante designado pola Axencia de Turismo de Galicia.

A súa actuación axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención dará lugar á modificación do convenio, sendo de aplicación das previsións ao respecto contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no regulamento da dita lei.

Calquera modificación do presente convenio deberá acordarse de xeito expreso e por escrito das partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

DÉCIMO SEGUNDA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Serán causas de resolución do presente convenio:

- O incumprimento do seu obxecto.
- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.

- O acordo unánime dos asinantes.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

DÉCIMO TERCEIRA.- NATUREZA XURÍDICA E XURISDICIÓN COMPETENTE

Este convenio ten natureza administrativa, e queda fóra do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, que o exclúe expresamente no artigo 6.2.

Seralle de aplicación o réxime determinado pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que a desenvolve; os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e do Real decreto 887/2006 que a desenvolve; a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables e, no seu defecto, polas normas de dereito privado.

A Axencia de Turismo de Galicia ostentará as prerrogativas de interpretación, modificación e resolución propias dos negocios xurídicos administrativos. As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio serán resoltas en última instancia pola persoa titular da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia, cuxas resolucións poñen fin á vía administrativa. Será competente a xurisdición contencioso-administrativa para resolver na vía xurisdiccional as citadas controversias

DÉCIMO CUARTA.- PUBLICIDADE E REXISTRO DO CONVENIO

En cumprimento do disposto no artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS en diante) comunicarase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Axencia de Turismo de Galicia publicará o texto íntegro do convenio.

Así mesmo estarase ao disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, sobre as obrigas específicas de información sobre convenios.

Asemade, procederase á inscrición do convenio no Rexistro Público de Subvencións conforme ao establecido no artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo.

DÉCIMO QUINTA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

1. Tratamento dos datos persoais das persoas asinantes deste convenio.

Os datos persoais dos asinantes deste convenio serán tratados por cada unha das partes co fin de xestionar a súa formalización e desenvolvemento, sendo imprescindible para iso que inclúan os seus datos identificativos, a representación da capacidade que ostenten, e a súa sinatura. A base lexitimadora do tratamento dos datos persoais dos asinantes é o cumprimento dunha misión realizada en interese público baseada na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e na necesidade de tratar os devanditos datos para a execución do convenio suscrito. Respecto dos datos persoais sobre os que a Axencia de Turismo de Galicia ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar ante esta o acceso, rectificación e supresión, así como opoñerse ao seu tratamento a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>

En canto aos datos persoais sobre os que a Asociación ostenta a condición de responsable do tratamento, as persoas interesadas poderán solicitar da devandita entidade o acceso, rectificación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento a través do enderezo sinalado no encabezamento do presente convenio.

Así mesmo, as partes garanten o cumprimento do deber de información previsto no artigo 13 do RXPd respecto do persoal ao seu servizo, propio ou alleo, cuxos datos persoais sexan comunicados entre as partes para a execución dos seus compromisos.

2. Roles e responsabilidades na protección de datos persoais.

A Axencia de Turismo de Galicia ostentará a condición de responsable do tratamento dos datos persoais recadados para a xestión e tramitación da subvención obxecto do presente

convenio, así como daqueles datos persoais aportados pola entidade beneficiaria para a xustificación da devandita subvención. A base lexitimadora para o tratamento destes datos será o cumprimento dunha misión realizada en interese público e o cumprimento dunha obrigaón legal (Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia). Así mesmo, os datos poderán ser comunicados, cando sexa estritamente necesario, a outras Administracións públicas con competencia na materia segundo o especificado no presente convenio. As persoas interesadas poderán solicitar, ante o responsable do tratamento o acceso, rectificación, limitación e supresión dos seus datos, así como opoñerse ao seu tratamento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/es/exercicio-de-dereitos>. Contacto co/a delegado/a de protección de datos e información adicional en <https://www.xunta.gal/es/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Cruz Vermella comprométese a informar dos extremos anteriores ás persoas cuxos datos achegue á Axencia de Turismo de Galicia para dar cumprimento as referidas finalidades.

As partes asinantes responsabilizaranse de que calquera tratamento de datos persoais que puideran levarse a cabo en virtude do mesmo se realice con absoluto respecto ás normas de seguridade e de conformidade co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) Xeral de Protección de datos (en adiante, RXPd), na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (en adiante, LOPdGDD) e demais normativa concordante.

DÉCIMO SEXTA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica.gal, (<https://notifica.xunta.gal>). Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO SETIMA.- VIXENCIA

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

E en proba de conformidade de canto antecede, asinan este documento no lugar arriba indicado.

Pola Axencia de Turismo de Galicia

Por Cruz Vermella

José Manuel Merelles Remy

Mercedes Casanova Díaz